

Luns, 6 de novembro de 2023

Núm. 213

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**LALÍN**

**Subvencións e axudas**

*MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO XX CONCURSO DE CARTAS "DILLO A QUEN MALTRATA" 2023, POR OMISIÓN DE INFORMACIÓN*

*MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO XX CONCURSO DE CARTAS "DILLO A QUEN MALTRATA" 2023, POR OMISIÓN DE INFORMACIÓN*

M<sup>a</sup> Carmen Canda Larroy, Concelleira delegada de Igualdade,

*EXPOÑO:*

Que o Concello de Lalín, con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, organiza o XX Concurso de cartas "Dillo a quen maltrata" 2023 (Exp.4660/2023).

Que ditas Bases foron aprobadas en Xunta de Goberno Local e publicadas no BOPPO NÚMERO 205, con data de 24 de outubro de 2023.

Que houbo unha omisión de información ao non ser incluída en ditas bases a cláusula relativa á protección de datos persoais seguinte:

( " )

*INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS*

Os datos por Vde. facilitados serán tratados polo CONCELLO DE LALÍN, en calidade de Responsable de Tratamento, coa finalidade de levar a xestión de preinscricións, inscricións e desenvolvemento de actividades de carácter sociocultural, a nivel individual. Xestión administrativa e contable do servizo.

A base xurídica de lexitimación para o tratamento dos datos persoais radica no consentimento explícito manifestado por Vde. mediante a formalización da reserva, participación, inscrición ou matriculación. En todo caso, os datos serán tratados no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao CONCELLO DE LALÍN.

Os datos serán conservados durante o prazo de tempo que teña duración á actividade. Con todo, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.



Luns, 6 de novembro de 2023

Núm. 213

Os datos serán cedidos ás entidades públicas ou privadas, ás cales sexa necesario ou obrigatorio ceder estes para poder xestionar a súa solicitude, así como nos supostos previstos, segundo Lei.

Vde. poderá exercitar os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. Para estes efectos, deberá presentar un escrito no Rexistro de Entrada, electrónico ou presencial, do CONCELLO DE LALÍN. No escrito deberá especificar cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, á súa vez, deberá mostrar ou, en caso de envío postal, acompañar a fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente. No caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén documento que acredite a representación e documento identificativo do mesmo. Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación, en primeiro lugar, ante o noso Delegado de Protección de Datos: [dpd@lalin.gal](mailto:dpd@lalin.gal) ou, no seu caso, ante a Axencia Española de Protección de Datos ([\[http://www.aepd.es\]](http://www.aepd.es))[www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

( “ )

Polo que se terá en conta esta adenda da cláusula relativa á protección de datos persoais nas Bases reguladoras e a convocatoria do XX Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” 2023, publicadas no BOPPO NÚMERO 205, con data de 24 de outubro de 2023.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.

